



CONCELLO
CULLEREDO

I Concurso Concello de Culleredo de Fotografía Medioambiental para escolares

A Concellaría de Educación, igualdade e formación, dentro do Programa Municipal de Educación Ambiental, convoca o **% Concurso Concello de Culleredo de Fotografía Medioambiental para escolares+**, co motivo da celebración, o **5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente**.

O concurso rexerase polas seguintes BASES:

1ª.- OBXETO DO CONCURSO:

Concienciar a poboación cullerdense sobre as causas, efectos e solucións asociadas ao cambio climático e a perda da biodiversidade.

2ª.- PARTICIPANTES:

A este concurso poderá presentarse todo o alumnado do último ciclo de primaria e do último ciclo de secundaria de todos os centros públicos, concertados e privados do Concello de Culleredo.

3ª CATEGORÍAS:

- A. 5º e 6º de Primaria
- B. 3ª e 4ª de Secundaria

4ª TEMÁTICA:

As imaxes farán referencia a biodiversidade e aspectos relacionados co medio ambiente do municipio:

1. Retratos naturais: imaxes que capturen recursos naturais de flora e fauna.
2. Boas prácticas medio ambientais: que se convertan en chamadas de atención para expresar, con especial sensibilidade, o respecto polo medio ambiente.
3. Malas prácticas medio ambientais: imaxes que reflectan este tipo de feito.

5ª REQUISITOS DAS IMAXES:

As fotografías deberán ser inéditas e non ter sido premiadas, nin recoñecidas ou seleccionadas noutros certames ou convocatorias similares. Serán excluídas aquelas fotografías que sexan retocadas.

Si na fotografía aparecen imaxes de persoas, serán tratadas conforme a **%Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal+**

6ª.- FORMA DE PRESENTACIÓN E ENVÍO DAS FOTOGRAFÍAS:

1. Os traballos presentados serán orixinais e realizados en branco e negro ou en cor, e terán formato de 30x21 cm (DIN A4)

2. As fotos irán montadas sobre cartolina da cor que o autor/a considere, e acompañados dunha copia en soporte dixital nun CD en formato JPG
3. As imaxes irán acompañadas nun folio anexo dos seguintes datos:
 - a. Título da fotografía
 - b. Breve explicación do contido
 - c. Lugar onde foi feita
 - d. Nome e apelidos e idade do alumno/a participante
 - e. Centro de estudos curso e grupo a que pertence
 - f. Teléfonos de contacto
 - g. Autorización, se fose o cas de persoa ou persoas que aparezan nas imaxes

*Os datos persoais serán tratados de acordo coa "Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal+e utilizaranse unicamente para este fin.

7ª.- AVALIACIÓN DOS TRABALLOS

Faranse segundo as seguintes fases:

Primeira fase: O alumnado participante entregará os seus traballos aos seus respectivos titores/as.

Segunda fase: Os titores/as preseleccionarán aqueles traballos fotográficos que estimen con boa calidade para participar no concurso.

Terceira fase: Os titores/as enviarán as fotografías preseleccionadas para presentar ao concurso nun único CD, rotulado co nome do colexio. Os traballos presentaranse en man ou enviaranse por correo ao:

Departamento Municipal de Educación
Rúa Andrés Pan Vieiro, 30
15670 O Burgo . Culleredo

Cuarta fase: Os traballos serán valorados en última instancia polo Xurado designado, e os criterios de avaliación, especificados nas bases 8ª e 9ª.

8ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración basearanse na:

1. Creatividade
2. Orixinalidade
3. Adecuación ao tema
4. Capacidade e claridade para transmitir a mensaxe
5. Grao de contribución á sensibilización e concienciación ambiental na poboación escolar

9ª.- XURADO

Estará integrado por:

- a. 2 representantes municipais :
 - 1 técnico da área de educación
 - 1 técnico da área de medio ambiente
- b. 2 profesores/as dos colexios públicos participantes no concurso
- c. 2 profesores/as dos colexios concertados e privados participantes no concurso
- d. 1 experto en fotografía

10ª.- PREMIOS

- a. Concederase un premio por categoría, un para os niveis de 5º e 6º de primaria, e outro para os niveis de 3º e 4º de secundaria. Nestes dous casos o premio consistirá nunha cámara dixital que terá as seguintes características:

Fujifilm FinePix z10 fd
Color: verde
Megapixels: 7.2
Tamaño sensor 1/2.5 "
Velocidad ISO Auto, 64, 100, 200, 400, 800, 1600
Flash incorporado

Temporizador
Zoom Optico3x
Zoom Dixital 3x
Disparo en ráfaga
almacenamento xD F
Almacenamento incl.
Formato comprimido
Modo vídeo
Tipo Batería: Ion litio (NP-40).
Peso con baterías 160 gr
Dimensiones 91 x 57 x 19 mm

CULLEREDO  EDUCACIÓN



- b. Os finalistas recibirán un diploma acreditativo para ambas categorías.
- c. Os Centros escolares que participen no proceso de difusión, motivación, recollida, primeira avaliación e achega dos traballos, recibirán un recoñecemento.

As fotografías gañadoras serán utilizadas para segunda edición do deseño do cartel do premio de 2011

11ª.- PROPIEDAD DAS IMAXES

As fotografías gañadoras pasarán a ser propiedade do Concello, reservándose este o dereito de ser utilizadas en promocións ou publicacións posteriores.

12ª DATAS DE ADMISIÓN DOS TRABALLOS E DATAS DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO

- a. Período de achega de traballos: do 1 ao 30 abril de 2010
- b. Datas de valoración do xurado: do 10 ao 12 de maio de 2010
- c. Data de entrega dos premios: 4 de xuño no Salón de Plenos do concello

I Concurso Concello de Culleredo de Fotografía Medioambiental para escolares

Solicitud de participación na convocatoria do I Concurso Concello de Culleredo de fotografía medioambiental para escolares para o ano 2010

Datos

Nome do centro: _____
Enderezo do centro: _____ Código Postal _____
Localidade: _____
Teléfono: _____ Fax : _____ Correo electrónico: _____

Datos do coordinador/a da actuación:

Nome: _____
Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

Categorías:

- A. 5º e 6º de Primaria
- B. 3ª e 4ª de Secundaria

Relación de documentos que se achegan:

Titulos das fotografías	Autor	Curso/grupo

_____, a _____ de _____ de 2010

O /A DIRECTOR/A DO CENTRO (sinatura e selo do centro)

A solicitude a entregar no Departamento de Educación, Rúa Andrés Pan Vieiro, 30 . 15670 O Burgo . Culleredo